



## QUE É GONDOVERÁN?

É un campamento de lecer e tempo libre preferentemente para fillos/as de familias traballadoras, co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar e laboral durante o mes de xullo, ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral do neno/a a través dunha programación que combina o xogo con actividades creativas, culturais e coñecemento do entorno próximo, dende unha pedagogía do lecer baseada na educación en igualdade e hábitos saudables



## QUEN PODE PARTICIPAR?

Nacidos/as entre os anos 2011 (non poderán facer 13 anos antes da finalización do campamento) e 2021 (deberán ter feitos 3 anos ao inicio do campamento), cuxos proxenitores/as ou titores legais sexan persoas traballadoras en activo (por conta allea ou propia) e , preferentemente, teñan o empadramento no Concello de Gondomar.

## HORARIO

Será de 9.00 a 14.00 con posibilidade de incorporación de 8.00 a 9.00 e de saída de 14.00 a 15.00 horas segundo necesidades

## PREZO

125€ Por neno/a todo o mes de xullo

## SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Realizarase baremo conforme aos seguintes criterios:

- Situación laboral
- Situación sociofamiliar
- Situación económica

En caso de empate na puntuación, adxudicarase a praza por orde de inscrición.

## SOLICITUDE DE PRAZA

A solicitude deberá estar **asinada** por las persoas proxenitoras ou representantes legais do/a menor, e presentada no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas ou a través da Sede Electrónica dende as 0:00 do **22** de abril ata as 23:59 do **30** de abril.

## LISTAXE DE AGARDA

As vacantes que se produzan por renuncia ou por calquera outro motivo ofreceráselles aos solicitantes que figuren na listaxe de agarda.

Contactarase coas persoas suplentes por teléfono, realizándose máximo 3 chamadas entre as 9 e as 14h. As renuncias non se incluírán na listaxe de agarda.

## PRAZOS

**Solicitude: do 22 ao 30 de abril**

Listaxe provisional admitidos/as: 8 de maio  
Emendas-reclamacións: do 9 ao 23 de maio  
Listaxe definitiva admitidos/as: 27 de maio  
Pagamento: do 28 ao 30 de maio

